



# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

## CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

**ARQUITECTURA**


TIPOLOXIA:

**INDUSTRIAL**

CLAVE PLANO:

**17-C**

Nº FICHA:

**A\_017****F 01****PLANO**

DENOMINACIÓN:

**Edificio da Conserveira Cerqueira**

PARROQUIA:

**OIA**

NÚCLEO:

**Canido**

LOCALIZACIÓN:

**Rúa Canido nº 217-219**

DESCRIPCIÓN: SEN DEFINIR

Edificio de dúas alturas (B+I) construído en pedra que ocupa unha privilexiada ubiación a carón da praia de Canido. O inmoble levántase nun soar de planta poligonal dunha notable extensión, mais unicamente a súa fachada recolle un grande interese arquitectónico pola súa tipoloxía, datable na primeira metade do século XX. O seu frontis aparece dividido en rúas verticais que alternan grandes ocas de iluminación con entrepanos graníticos. Uns e outros aparecen ordenados de maneira vertical, isódoma e equidistante, aparecendo rematados en altura por un petril de coroa opaco e desornamentado, pautado por edículos de remate triangular que sobresaen en altura a xeito de ameas.

No ángulo da edificación que delimita o acceso a unha rúa estreita, o arquitecto diseña un chafrán que se resolve seguindo o mesmo patrón utilizado no resto da fachada. No ángulo oposto sitúase un edificio de tres alturas (B+II) que acolle as oficinas da planta e unha vivenda.

Sobre o portalón de acceso sitúase un pano cerámico que acolle unha escea mariñeira.

CATEGORÍA:

**INCLUÍDO NO CATÁLOGO**

AMBITO:

**LOCAL**

NIVEL PROTECCIÓN:

**AMBIENTAL 1**

ESTADO CONSERVACIÓN:

**SUFICIENTE**

PROPIETARIO:

**PRIVADA**

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

**URBANO CONSOLIDADO**

OBSERVACIÓNS:

Arquitectura industrial

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ELEMENTOS DECORATIVOS DA FACHADA

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.